

Política de Calidade e Sostenibilidade

Adegas Terra de Asorei SL é unha empresa familiar que naceu da unión de cinco familias da comarca do Salnés, con longa tradición e experiencia adegueira e vinícola. A través da presente Política de Calidade, Medio ambiente e Sostenibilidade, buscase definir os principios que **Adegas Terra de Asorei** asume as relación con os seus Grupos de Interese, favorecendo a integración de prácticas nas tres dimensións da Responsabilidade Social Corporativa, dimensión gobernanza, social e medioambiente, en todo o noso modelo de negocio e co compromiso de que todas as nosas actividades realízanse de forma respectuosa coas persoas, o medio ambiente e o noso entorno e en xeral, a partir do compromiso da empresa co respecto dos Dereitos Humanos e co desenvolvemento sostible.

VISIÓN

- ❖ Ofrecer uns albariños con personalidade, auténticos e seguindo a tradición do Val do Salnés nas Rías Baixas. Buscando a mellor Calidade e a prezos razoables que axuden a mellorar a vida das persoas.
- ❖ Ofrecer unha experiencia enoturística no rural galego do século XXI, na “Eira de Asorei”. Queremos que se nos descubra e quen nos visite, cate os nosos albariños para que leve o amor por Galicia e pola súa cultura no seu corazón.

MISIÓN

- ❖ Acadar uns excelentes albariños do Val do Salnés - Rías Baixas, para a satisfacción dos nosos clientes e socios
- ❖ Responder o compromiso social ante a sociedade e crear traballo e riqueza en Galicia
- ❖ Acadar unha maior eficacia e produtividade e a satisfacción de todas as persoas que compoñen o equipo profesional.
- ❖ Cumprir todos os requisitos legais aplicables, na prevención da contaminación medioambiental e na seguridade laboral e alimentaria.
- ❖ Facer a empresa sostible, sempre respectando o equilibrio natural da nosa terra galega como forma de participar no coidado medioambiental do planeta.
- ❖ Satisfacer tanto a consumidores como a aliados comerciais provedores, en definitiva de todos os grupos de interese
- ❖ Acadar resultados económicos que aseguren o futuro da empresa

ESTRATEGIA

Actuar localmente pensar universalmente. Levar os nosos albariños de calidade do Val do Salnés – Rías Baixas, dende Galicia o mundo.

OS NOSOS VALORES

1. Exercer o Liderazgo e a RSE:

- ❖ Liderar creando implicación e equipo e predicando co exemplo

2. Manter en todo momento o enfoque ó Cliente:

- ❖ Manter canles de comunicación cos clientes e grupos de interese para identificar e satisfacer as súas necesidades e expectativas.

3. Facilitar o desenvolvemento das persoas:

- ❖ Adecuar e mellorar as habilidades e competencias das persoas cos seus postos dentro do equipo profesional
- ❖ Fomentar a comunicación interna dentro do equipo profesional e a implicación das persoas na xestión e a toma de decisións.
- ❖ Asegurar a igualdade de oportunidades e a non discriminación no desenvolvemento profesional nin na retribución por razóns inherentes ao xénero, maternidade/paternidade, atención de dependentes, razas, crenzas, etc.
- ❖ Fomentar o apoio especial a traballadores especialmente vulnerables (colectivos desfavorecidos, situacións persoais...)
- ❖ Respecto polos dereitos humanos e laborais, o diálogo social, e o benestar e empoderamento dos empregados, ademais de promover os estándares laborais

4. Xestionar adecuadamente os recursos:

- ❖ Utilizar de forma racional os recursos naturais e materias primas, desenvolvemento de tecnoloxías limpas, reciclaxe de residuos. Sempre respectando o equilibrio natural da nosa terra.
- ❖ Evitar a contaminación ambiental tanto en situacións normais, anormais como accidentais, utilizando na medida do posible enerxías máis limpas e materiais menos contaminantes
- ❖ Eliminar os riscos para a seguridade e saúde das persoas na súa orixe e reducir e controlar os que non poden ser evitados

5. Manter unha cultura de transparencia e Mellora Continua da Xestión:

- ❖ Definir claramente os nosos obxectivos e asegurar que se comunican a todos os implicados no seu logro
- ❖ Buscar a eficacia do sistema de calidade baseándose na xestión por procesos, co fin de obter os resultados previstos dacordo coa dirección estratéxica da organización, e sempre baseándose no ciclo PFVA (Planificar-Facer-Verificar-Actuar)
- ❖ Utilizar a metodoloxía da avaliación de riscos para prever as posibles desviacións ou non conformidades dos produtos, servizos e xestión de calidade.

San Martiño de Meis, 11 de xaneiro de 2024



Xosé Ramón Durán - Roque. Presidente- Conselleiro delegado